

outono 2014

Programación cultural *Oleiros*



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



**Deputación
DA CORUÑA**

**Consortio
As Mariñas**



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Concello de Oleiros




Oleiros

www.oleiros.org

Ciclo de Exposicións

O centro cultural A Fábrica seguirá acollendo exposicións individuais e colectivas no período comprendido entre os meses de setembro a decembro. As exposicións de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos, permanecerán expostas durante aproximadamente dúas semanas para seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.

As exposicións temporais enmárcanse dentro da liña de promoción da creación artística e difusión das artes plásticas do departamento de cultura.



Entrada libre.

Obradoiros culturais municipais

Obradoiros teatrais

Teatro do centro cultural As Torres, Santa Cruz

Obradoiro de adultos:

Destinatarios/as: maiores 18 anos.

Horario: de setembro a decembro e de febreiro a xuño. Martes e mércores de 18.00 a 20.00 horas.



Obradoiros infantil e xuvenil:

Destinatarios/as-Horarios:

• **Quenda I:** nenos e nenas nados entre os anos 2002 e 2007.

De outubro de 2014 a xuño de 2015, sábados de 10.30 a 12.00 horas.

• **Quenda II:** rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 1997.

De outubro de 2014 a xuño de 2015, sábados de 12.00 a 13.30 horas.

Mediante a realización de xogos e actividades, as persoas participantes desenvolverán a expresión oral e corporal, estimularán a creatividade e a imaxinación e aprenderán a interrelacionarse cos demais membros do grupo.



Inscripcións e máis información: Departamento de cultura (cultura@oleiros.org / Tel.: 981610000)

Obradoiros culturais municipais

Obradoiro de **olería**

Alfar do centro cultural As Torres de Santa Cruz

Horario: luns e martes de 18.30 a 20.30 horas.

Datas: de outubro a decembro e de febreiro a xuño.

Destinatarios/as: persoas interesadas no mundo da olería maiores de 18 anos.

O obradoiro amosará o proceso de creación dunha peza de barro desde o moldeado ata a cocción, os diferentes instrumentos de transformación do material e as técnicas de cocción máis utilizadas.



Obradoiro de **escritura**

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro (centro cultural As Torres, de Santa Cruz)



Obradoiros organizados polo Consorcio das Mariñas, en colaboración co Departamento de cultura.

Serán impartidos polo xornalista, escritor e guionista **Manuel Guisande**.

•Obradoiro de **guión teatral**

(maiores 18 anos). Martes 7 e martes 14 de outubro, de 17.00 a 18.00 horas.

•Obradoiro “**cómo escribir un conto**”

(Idades recomendadas: de 8 a 12 anos). Xoves 9 e xoves 16 de outubro, de 17.00 a 18.00 horas.

•Obradoiro “**cómo escribir un relato**”

(Idades recomendadas: de 13 a 17 anos). Xoves 9 e xoves 16 de outubro, de 18.30 a 19.30 horas.

Inscripcións e máis información: Departamento de cultura (cultura@oleiros.org / Tel.: 981610000)

Prazas limitadas. Adxudicación de prazas por rigurosa orde de inscrición.

Programa de teatro escolar

Hoxe o cole vai de teatro

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

No mes de outubro, o alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público do Concello de Oleiros, con idades comprendidas entre os 7 e os 10 anos, poderán participar na campaña de teatro escolar organizada polo Departamento de cultura coa finalidade de difundir as artes escénicas entre o público escolar infantil e xuvenil.

A obra que se poñerá es escena será Valados, dirixida por Rubén Ruibal e interpretada por Estefanía Gómez, Ramiro Neira e Xurxo Cortázar. “Valados” é o título do libro infantil escrito por Agustín Fernández Paz e que a Compañía Artestudio adaptou para representala nos escenarios.



SETEMBRO

V Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 6 de setembro ás 20:30 horas.


Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A Compañía teatral **Grupo de teatro e Danza El Ruiseñor** presenta o seu espectáculo **Las Esposas alegres de Windsor**, adaptación de **Susana Crespo** de W. Shakespeare, baixo a dirección de **Susana Crespo**.

Sinopse: Falstaff, un home xa entrado en idade e “carnes”, que ve a súa fortuna medrar grazas a unha vida de pendenciero e vividor, decide cortexar a dúas mulleres casadas da clase media alta co fin de votar man ao seu diñeiro. Ambas esposas reciben dúas cartas de amor idénticas descubrindo ao caradura e conspiran para vingarse, “o cazador cazado”. A trama complica cando ámbolos dous maridos se decatan das intencións de Falstaff e intentan descubrir se as súas mulleres son capaces de enganalos. A súa vez, sucede outro enredo entre a filla dun dos matrimonios e os seus pretendentes, coa axuda da Señora Deprisa que fai de mediadora entre os tres conquistadores, o favorito do seu pai, o da súa nai e o que realmente ama. Deliciosa comedia de enredos, celos, burlas e vinganzas. Que obtivo o premio Buero mellor obra de Galicia, dirección, actor e actriz.

Elenco: Raúl Vázquez, Raquel García, Adrián Reiriz, Andrea Corbelle, Iván Rodeiro, Carlota Pérez Mouriño, Aaron Roel, Julio Rouco, Maite Vázquez, Inés Castro, Juan Pérez, Sofía Vidal, Marta López, Zaira López, Iria González, Carmen True, Sofía Cajide.

Xénero: Comedia. **Duración:** 100 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

SETEMBRO

V Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 13 de setembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A Compañía teatral **Arjé Teatro** presenta o seu espectáculo **Noites de Amor e Troula**, adaptación de Twelfth Night de W. Shakespeare, baixo a produción de **Fernando Querol** e dirección de **Javier de Melo**.

Sinopse: Alegre comedia que mestura o enredo, os amores cruzados, as equivocacións e o escarnio, de xeito que ninguén é o que parece. Ou mellor dito, todo é reversible e pódese mudar de súpeto no seu contrario: home en muller, plebeo en nobre, austeridade en frivolidade, devoción en inconstancia... e sobre todo pena en ledicia, que é do que se trata.

Elenco: Laura Calvo, María Lago, Martín Carballeira, Nuria Rico, Esther Nidáguila, Ainhoa Ruíz, Carmen Ardá, Sergio Ríos, Luís Prego, Fran Vázquez, Luís Lago e Mateo Pociña.

Xénero: Comedia.

Duración: 80 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

SETEMBRO

V Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 20 de setembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A Compañía teatral **Noite de Bohemia** presenta o seu espectáculo **Romeo e Xulieta**, adaptación de Javier Fernández Mariño de W. Shakespeare, baixo a dirección de **Javier Fernández Mariño**.

Sinopse: Historia dun amor prohibido entre Romeo e Xulieta, el Montesco e ela Capuleto, familias enfrontadas e calquera relación entre eles é imposible. Contra todo pronóstico, coñécese e enamóranse a primeira vista, caendo presos dun amor desaforado e intenso, que acompañado por segredos, erros e malos entendidos, levaranos a un trágico final.

Elenco: Mario Rodríguez, Zoe Fuentes Rama, Amanda Rodríguez Díaz, Nacho Pena Maceda, Lia Liñares Masid, Pablo Rua Seoane, Pedro Fernández, Francisco Miguens, Juan Filgueiras Rilo, Marta García Couto, Marta Pernas, Sara Rey Seoane, Andrea González, Elena Lago Castro, Javier Castiñeiras García, Alicia Martínez Asende, Grial Montes Fernández, Laura Villar, Sabela Rodríguez Tabáres, Andrea García González, Ainoa López Vega, Ainara Dalmau Mendizabal, Andrea Iglesias Peiteado, Emma Doval, Celia Jáudenes López, Laura Pereira Rodríguez, Lorena Oróns Caamaño, Sara McGregor Hernández.

Xénero: Traxedia. **Duración:** 90 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

SETEMBRO

Teatro

Sábado 27 de setembro ás
20:30 horas.


Auditorio Gabriel García
Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Áncora
Produccións**, presenta o seu
espectáculo **"Snakizados"**, de
Gustavo Pernas Cora baixo a
dirección de **Ánxela G. Abalo**.

Sinopse: No día despois da gran
deflagración, non hai argumentos
posibles, só quedan anacos.
Anacos de distintos seres, ana-
cos de memoria do que fomos,
refugallos industriais e domésti-
cos, imaxes rotas...cómo re-
compoñer o que destruímos?
Snakizados é a terceira parte da triloxía Tres Logomonos: xunto con
Colgados e Pisados.

Elenco: Gustavo Pernas Cora e Michal Kamac-Dj.

Xénero: Comedia. **Duración:** 75 minutos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OUTUBRO

Teatro

Sábado 4 de outubro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Eme2 Producción e Distribución S.L.**, presenta o seu espectáculo **“Meu Ben”**, de **Elaine Murphy** baixo a dirección de **Álvaro Lavín**.

Sinopse: Amor, sexo, un nacemento, morte e clases de salsa. Tres xeracións de mulleres de clase media contan a historia dun ano extraordinario...

Elenco: Elina Luaces, Rocío González e Mercedes Castro.

Xénero: Comedia. **Duración:** 80 minutos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Música

Venres 10 de outubro
ás 20:30 horas.
Auditorio C.C. A Fábrica,
de Perillo.

Concerto do guitarrista
brasileiro **Fabiano Borges**

Fabiano Borges é profesor de música na Universidade de Brasilia, onde investiga o choro brasileiro. En Oleiros interpretará coa guitarra de sete cordas obras da guitarra popular latinoamericana con insercións de elementos procedentes da guitarra flamenca.



Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



OUTUBRO Teatro

Sábado 11 de outubro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Boneca Lareta**, presenta o seu espectáculo "**Sede de mal**", de **Carlos Santiago, Luis Iglesia B.** e **Xavier Deive**.

Sinopse: comedia a 12 cordas sobre o lado escuro da vida ... Humor, teatro, música ao vivo con blues e rock and roll "á galega".

Elenco: Luis Iglesia B. e Xavier Deive.

Xénero: Comedia e música en directo. **Duración:** 70 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Música

**Venres 17 de outubro
ás 20:30 horas.**
**Auditorio C.C. A Fábrica,
de Perillo.**

Concerto da agrupación
Wilson and Friends

A formación jazzística fará un percorrido pola música cubana e os seus innumerables ritmos tomando como referencia a obra do trompetista cubano *Arturo Sandoval*.

Formación: Wilson Ortega Rueda, Sergio Delgado Castillo, Vicente Aribú, Miguel Cabanas e Javier Ferreiro.



Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO

Teatro

Sábado 18 de outubro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Teatro Talía**, presenta o seu espectáculo **“Demolición”**, escrito e dirixido por **Cándido Pazó**.

Sinopse: Dúas persoas moi distintas coinciden, casualmente, como curiosos espectadores da demolición dun gran edificio que, despois de anos e anos de litixios e demoras, ten que ser derrubado por mandato xudicial. Entre eles dous se vai establecendo unha insospeitada relación.

Elenco: Toño Casais e Artur Trillo.

Xénero: Comedia. **Duración:** 80 minutos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Música

Venres 24 de outubro
ás 20:30 horas.
Auditorio C.C. A Fábrica,
de Perillo.

Concerto de **Turma Caipira**

A formación jazzística integrada por Samuel Pérez á batería, Quique Alvarado ao baixo, Fran Castro ao piano e Marga Ramos á voz interpretará temas moi representativos da música popular brasileira: samba, bossa, baião...



Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO Teatro

Sábado 25 de outubro
às 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García
Márquez, de Mera.

Cándido Pazó, presenta o seu espectáculo
“Contos de sempre para xente de agora”.

Autor e dirección: Cándido Pazó.

Sinopse: Unha colección de contos, historias e narración. Un monólogo cómico que ten a palabra como principal recurso. Un produto escénico baseado no humor, pero coa imaxinación, a tenrura, a evocación e a memoria como ingredientes esenciais.

Elenco: Cándido Pazó.

Xénero: Monólogo cómico.

Duración: 75 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

NOVEMBRO

Teatro

Sábado 15 de novembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Lagarta, Lagarta**, presenta o seu espectáculo **“O país do Pato Donald”**, de Lagarta, Lagarta baixo a dirección de **Xulio Lago**.

Sinopse: Trátase dunha reflexión profunda sobre a derradeira estación da vida dun profesor de literatura que vive os seus últimos días a cabalo entre a realidade e as lembranzas

Elenco: Ernesto Chao e Rosa Álvarez.

Xénero: Drama. **Duración:** 85 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Sábado 22 de novembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía **Teatro Galileo**, presenta o seu espectáculo **“Cyrano”**, de Edmond Rostand baixo a dirección de **Pedro Rubín**.

Sinopse: Cyrano! A gran comedia clásica. Cyrano representa a encarnación do triunfo da beleza moral e da intelixencia fronte a fermosura física e o mundo material.

Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Isabel Blanco, Xosé López Baño “Tanás”.

Xénero: Teatro clásico. **Duración:** 80 minutos.



Prezo: 3,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

NOVEMBRO

Teatro

Venres 28 de novembro ás 21:00 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

Mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos

O Auditorio Gabriel García Márquez acollerá a mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos. Presentarase o novo espectáculo, dirixido polos profesores **Ramiro Neira** e **Jorge García “Keké”**. O público terá oportunidade de disfrutar co aprendido durante os meses de ensaio no Teatro das Torres de Santa Cruz. Estamos seguros de que o espectáculo fará as delicias dos numerosos asistentes...Estades todos convidados!!!



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 29 de novembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

Carlos Blanco, presenta o seu espectáculo
“**Menú do día**”. Escrito e dirixido por **Carlos Blanco**.

Sinopse: O novo de Carlos Blanco acompañado dun debuxante de luxo. Ver debuxar a Davila en pantalla xigante as historias de Carlos, en directo. Novas e vellas. As bravas do país, Dora a desbrosadora, os kiwis...O nunca visto.

Elenco: Carlos Blanco e Luis Davila.

Xénero: Comedia. **Duración:** 80 minutos.



Prezo: 5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

DECEMBRO

Teatro

Venres 5 de decembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

A compañía teatral **Ateaco**, presenta o seu espectáculo **"Cóncavo-convexo"**, de José Luis Prieto Roca baixo a dirección de **Yolanda Prieto López**.

Sinopse: Unha noite escura. Unha casa apartada. Un motor que non arranca. Un teléfono que non funciona e unha novela. Seis persoas deben representar un papel nun xogo inocente... no que nada é o que parece.

Elenco: Maica Cotelo, Valentín Entrialgo, July López, Juan Carlos Alonso, Bea Sánchez, Yoanna Corral.

Xénero: Traxedia. **Duración:** 60 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Venres 26 de decembro ás 18.30 horas.
Auditorio C.C. A Fábrica, de Perillo.

A compañía teatral **Baobab Teatro**, presenta o seu espectáculo **"Baillando cos contos"**, dirixido por **Óscar Ferreira e Andrea Bayer**.

Sinopse: "Baillando cos contos" é un espectáculo de teatro que vai fiando diferentes contos, todos relacionados co baile, a música e as cantigas.

Elenco: Andrea Bayer. **Duración:** 45 minutos.



Prezo: 2,50 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 5 anos.



DECEMBRO
Música

Domingo 21 de decembro ás 19.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.

CONCERTO DE NADAL DAS CORAIS MUNICIPAIS

Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, coa fin de intercambiar impresións e felicitarnos o Aninovo.



Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



Centro Cultural A FÁBRICA

Música, exposicións.
Rúa do Inglés, s/n. Perillo.



Centro Cultural AS TORRES

Obradoiro de olaría e teatro.
*Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17.
Santa Cruz / Liáns.*



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Teatro, música, danza.
*Rúa do Chelito, s/n.
Mera/Serantes.*



CASA CHARRY

Exposicións.
Praza de Galicia, s/n. Oleiros.



- Prégase puntualidade. Por respecto aos artistas e ao resto do público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.

- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.

- Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.

- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.

- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.